

As privatizacións comen-se o sector público

Baixo o falso argumento de que coas privatizacións aumenta a eficacia na prestación de servizos por haber unha maior competitividade e unha baixada de prezos que contribue ao aforro dos consumidores, tratan-se de privatizar distintos servizos públicos desmontando así o estado de benestar e acentuando aínda máis a diferenza de clases.

Durante o goberno capitalista do PP no estado español un gran número de servizos públicos foron privatizados. Uns casos son moi coñecidos como o de Telefónica e outros non tanto como o de Initec, pero por iso non deixan de ser polémicos xa que coa falsa excusa de que producían perdas foron vendidas e agora resultan ser empresas do máis rentábeis.

Mais esta practica privatizadora non é so patrimonio do PP, xa que **moitos partidos que ocupan as institucións públicas tamén contribuen á privatización de servizos públicos**. Como é o caso da privatización do lixo en Marin levada a cabo polo PSOE e os seus socios, agora, Mar-In. Ou na recente privatización do servizo de augas de Moaña levada a cabo polo BNG, PSOE e IN-MO.

Todo isto responde á presión do sector privado e a unha política da OMC (Organización Mundial do Comercio) institución mundial que despreza a democracia e que ten como obxectivo a liberalización progre-

siva dos servizos esenciais para a sociedade que nestes momentos son atendidos polos poderes públicos, promocionando a expansión do libre comercio e apoiando a xeración de máis beneficios para as empresas a costa da provisión de servizos públicos.

«as privatizacións deterioran e encarecen os servizos públicos»

As verdadeiras consecuencias das privatizacións son por un lado económicas xa que leva a moitas empresas a fusionar-se, en vez de a competir, xerando un mercado monopolista que termina por elevar o prezo do servizo ao mesmo tempo que a súa calidade empeora. Por outro lado temos as consecuencias sociais, **xa que coa excusa de abaratar custes reducen-se plantillas de traballadores** e busca-se a

subcontratación o que leva a unha degradación das condicións laborais das persoas que traballan neses servizos.

Os pliegos de condicións asinados pola administración e a empresa normalmente son pouco rigurosos, e inútiles ante os problemas que poidan surdir. O control da administración diminúe ao longo tempo, terminando a empresa por funcionar con total autonomía en función dos seus propios beneficios. Así cando se produce un conflito laboral na empresa, a administración desentende-se do mesmo e deixa facer á deixando indefensos aos traballadores.

En conclusión, **o sector público cumpre unha función social** como é a de realizar un servizo necesario para a sociedade sen esperar beneficios económicos e, ademais, son propiedade de estados, autonomía e concellos, en definitiva de todos os cidadáns que como tales temos a obriga de defende-los ante o ataque capitalista.

No mes de xaneiro solicitamos do Porto de Marin a galeguización da institución. Chegou-nos a resposta, sorprendentemente negativa, alegando que a Autoridade Portuária de Marin é un organismo que está integrado na Admón. Xeral do estado e que polo tanto non ten porque utilizar o galego. Desde o CN temos un modelo de escrito para que asociacións e particulares demanden deste organismo o respecto que se merece o noso idioma.

A praia dos Namorados está convertida nun vertedreiro de lixo. O Concello instalou fai varias semanas dúas papeleiras que nunca se recollen, polo que desbordan bolsas de lixo. Desde o CN demandamos a súa inmediata recollida. Aproveitamos para lembrar-lle ao Concello a súa obriga de limpar os contenedores de lixo cada 15 días.

Despois de producir-se un accidente reiteramos a nosa petición do mes de novembro do ano pasado para que retiraran os postes do medio da travesía da rua Inferniño. Desta vez fixeronos caso

Podes poñer-te en contacto con nos en:

www.cnmarin.tk

cnmarin@mixmail.com



GOLEKTIVO NACIONALISTA DE MARIN

O proxecto de Constitución Europea, un texto negativo para Galiza.

Acabamos de pasar por unhas eleccións europeas que tiveron unha das máis baixas porcentaxes de participación. A poboación amosa así un gran desintere-se por unha institución que parece moi lonxana e que ten un funcionamento que se escapa ao "entendemento" dos cidadáns. Máis a UE cada vez ten máis importancia e competencias sobre nos.

Dentro de pouco vai ser ratificada polos gobernos dos estados que conforman a UE a futura Constitución Europea. Curiosamente nestas eleccións poucos, por non dicir nengun, foron os partidos que se molestaron en explicar o seu posicionamento sobre o texto constitucional, sendo como é unha das decisións máis importantes que se vai tomar sobre o futuro de todos os povos e cidadáns que habitamos na UE.

Non é casual. Explicar-lle á cidadanía que o proceso de redacción da Constitución Europea está fora de calquer control democrático, que é redactado por un "consello de sábios" que van plasmar neste proxecto as esenciais do libre mercado, da consolidación dos estados e da falla de control democrático das institucións europeas, non é moi "eleitoral".

A negación de Galiza como nación europea.

O texto que se nos propon afirma que os estados son os verdadeiros e únicos suxeitos de dereito, non así os povos e as persoas. Negando o dereito dos povos a súa libre autodeterminación, e condenando ás nacións sen estado de Europa á inexistencia e á desaparición.

O galego non vai ser un idioma recoñecido, nen oficial, na futura Unión Europea. Deste xeito nega-se a diversidade lingüística e cultural das linguas e culturas que non son ás estatais, nen tan siquer se recoñecen as que teñen rango de oficialidade nos estados membros. Non poderemos dirixirnos en galego a nengunha institución da UE, non teremos ese dereitos, teremos que facelo en español, inglés ou calquer outro idioma alleo a nos. Este feito supón atentar contra os dereitos lingüísticos e culturais de millóns de cidadáns europeos.

As conquistas sociais non interesan na futura UE.

Os dereitos laborais dos cidadáns non se recoñecen. O dereito ao traballo, a renda básica, a vivenda, a cobertura social desaparecerán gradualmente en función do plasmado no tratado constitucional. So teñen dereitos o capital, os sectores financeiros e as grandes empresas.

Gran parte do articulado do texto tra-

ta basicamente de xustificar o modelo económico neoliberal como o único que se pode aplicar na futura UE, incapacitando legalmente calquer alternativa económica que se cuestione ese modelo. Non será posíbel un desenvolvemento que teña como base a calidade de vida dos povos, a conservación do medio ambiente, o intercambio igualitario. É o que é peor, finiquita-se o sector público. Todos os servizos que prestan as administracións públicas pasan a estar dispoñíbeis para que as grandes empresas fagan negocios coa educación, a cultura, a enerxía ou a sanidade. Consólídase o modelo que xa están aplicando a todos os niveis institucionais os grandes partidos que dominan o mercado electoral (PP, PSOE e BNG)

A Europa dos mercaderes cobra nova vida coa futura constitución. Desaparece a Europa dos povos e dos cidadáns. Da-se cobertura

A cidadanía non conta.

O Parlamento Europeo seguirá xogando un papel decorativo e sen capacidade real, quedando o poder real

en organismos sen control dos cidadáns e ao servizo dos intereses dos estados membros.

O Consello Europeo, que está formado polos xefes de estado e goberno dos estados membros, será o organismo onde se tomarán as decisións máis importantes.

As mulleres tampouco contan, negando-se a paridade de xénero xa que se considera un valor alleo á futura UE. Non se consolida a igualdade entre homes e mulleres como un dereito.

Os emigrantes non teñen dereitos, están fora da categoría de cidadáns, son man de obra barata que pode vir traballar pero que pode ser expulsada cando non sexan necesarios.

Unha Europa militarizada limitadora das liberdades

O espazo xudicial e policial europeo vai limitar as liberdades fundamentais en nome da seguridade. Calquer disidencia ou pensamento distinto ao "oficial" será duramente reprimido coartando a liberdade de expresión e deteriorando os dereitos democráticos.

A militarización de Europa será unha realidade. A nova potencia ten que competir e está á altura mantendo unha política de intervencións humanitarias en defensa dos seus intereses económicos. Consólida-se deste xeito o papel "imperial" da UE, seguindo os pasos dos Estados Unidos e asumindo a súa doutrina de *intervencións militares*.

En definitiva, estamos ante un texto que non pode ser considerado unha constitución. É máis ben un tratado asinado entre os distintos estados que forma a UE, e que representa aos intereses das clases dominantes neses estados, e transforma aos povos e aos cidadáns en mercadorias.

